



RESOLUCIÓN DE INICIO DO PROCEDEMENTO DE SELECCIÓN DE PERSOAS ADXUDICATARIAS DE VIVENDAS DE PROTECCIÓN AUTONÓMICA

Logo da análise da solicitude de inicio do procedemento de selección de persoas adxudicatarias das vivendas incluídas no expediente da vivenda de protección autonómica de RÉXIME XERAL núm. C09-VX-0004/14, presentada pola entidade promotora EIRIS OFIMÁTICO S. COOP. GALEGA, así como da documentación achegada, e unha vez acreditado o cumprimento dos requisitos establecidos no Decreto 1/2010, do 8 de xaneiro, polo que se regula o Rexistro Único de Demandantes de Vivenda da Comunidade Autónoma de Galicia e a adxudicación das vivendas protexidas, así como das acollidas a programas de acceso á vivenda con axudas públicas, consonte co establecido nos artigos 32 e seguintes do citado Decreto 1/2010,

RESOLVO:

1º Declarar a apertura do procedemento de selección de persoas adxudicatarias no expediente de vivenda protexida de promoción privada de RÉXIME XERAL núm. C09-VX-0004/14

As características da promoción son as seguintes:

Localización:

PARQUE OFIMÁTICO, PARCELA Z-25 – Concello da Coruña
Rúa José Lesta Meis, núm. 3

Forma de acceso: Compra

Estado de execución: Obra rematada

Número e tipoloxía das vivendas: 1 da quenda Xeral, de 3 dormitorios, cunha superficie útil de 84,46 m², con garaxe e rocho vinculados á vivenda, de 25 m² o garaxe e de 8 m² o rocho, situada no 1º B do P-6 da edificación.

A vivenda inclúe una praza de garaxe non vinculada á vivenda (libre)

Prezo de venda:

A vivenda, o garaxe e rocho vinculados á vivenda: 139.091, 18 € (IVE incluído)

A praza de garaxe non vinculada á vivenda (libre): 20.011,20 € (IVE incluído)

Forma de pagamento:

Cheque bancario no acto da escritura pública de compravenda





2º Outorgar ás persoas interesadas que, á data desta resolución de inicio, estean inscritos e anotados no Rexistro Único de Demandantes de Vivenda da Comunidade Autónoma de Galicia no réxime, forma de acceso e localidade desta promoción, un prazo de quince días hábiles, contados dende o seguinte ao da derradeira publicación desta resolución de inicio, para solicitar a súa inclusión no procedemento de adxudicación, segundo o modelo que se xunta como anexo, nos termos do disposto no artigo 35 do citado Decreto 1/2010. Non se admitirán solicitudes non axustadas ao modelo anexo.

A presentación de solicitudes implica a renuncia a calquera outro procedemento de adxudicación de vivendas de protección autonómica non resolto no que a persoa interesada figurase como reserva (de conformidade co artigo 39.2 do Decreto 1/2010).

A Coruña, asinado electronicamente



ANEXO

MODELO DE SOLICITUDE

D./Dna. _____ con D.N.I. núm

inscrita/a no Rexistro Único de Demandantes de Vivenda da Comunidade Autónoma de Galicia, co número de credencial _____, tño. de contacto _____, á vista da apertura do procedemento de selección de persoas adxudicatarias das vivendas incluídas no expediente de vivenda protección autonómica de RÉXIME XERAL número C09-VX-0004/14, promovido por EIRIS OFIMÁTICO S. COOP. GALEGA, sito en PARQUE OFIMÁTICO, PARCELA Z-25, concello de A Coruña, na modalidade de Compra,

EXPÓN:

1º Que, interesado/a nas vivendas protexidas da devandita promoción, solicita a inclusión no procedemento para a súa adxudicación, nas quenda/s que de seguido se especifica:

Xeral

2º Que, no caso de resultar adxudicatario/a, autoriza ao Instituto Galego da Vivenda e Solo a facilitar os seus datos persoais á empresa promotora, para os exclusivos efectos de realizar a comunicación prevista no artigo 38.2 do Decreto 1/2010, do 8 de xaneiro, polo que se regula o Rexistro Único de Demandantes de Vivenda da Comunidade Autónoma de Galicia e a adxudicación das vivendas protexidas, así como das acollidas a programas de acceso á vivenda con axudas públicas, para a formalización da compravenda.

_____, ____ de _____ de 202__

Xefa Territorial da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda
R/ Vicente Ferrer, 2 - 15008 A Coruña